



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 20/03/2025, o alcalde D. Eduardo José Parga Veiga ditou a resolución núm. 137/2025 que se reproduce a continuación:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO: APROBACIÓN DOS PADRÓS FISCAIS DAS TAXAS POR ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN FÍSICA (E.M.E.F.) E UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL DURANTE O MES DE MARZO DE 2025.**

**EXPEDIENTE: 2025/X999/000090**

### FEITOS:

1. Vistos os listados elaborados polo Departamento de Deportes dos participantes nas ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e dos usuarios do ximnasio municipal durante o mes de marzo do presente ano.
2. Examinado os padrón fiscal das citadas taxas realizado polo Departamento de Recadación deste Concello.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 68 do R.D. 939/2005, do 29 de xullo, regulamento xeral de recadación.
- Ordenanza fiscal nº 18, da taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Ordenanza fiscal nº 13, da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal

Logo de ver o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 24 do R.D.L. 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar as liquidacións de cobro por recibo de das taxas por ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e por utilización do ximnasio municipal, correspondentes ao mes de marzo do presente ano.

| CONCEPTO                                                      | LIQUIDACIÓN |
|---------------------------------------------------------------|-------------|
| ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN FÍSICA (E.M.E.F.) | 1.551,55    |
| UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL                             | 2.400,00    |



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2. Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Aprobar o prazo de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o día 11 de abril de 2025 ata o día 11 de xuño de 2025. O interesado coa carta de pagamento no seu poder, ben recibido por correo ou entregado no Concello no seu defecto, terá a opción de abonar estas débedas en calquera sucursal de Abanca, do Banco Santander ou a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños. Transcorrido este prazo a débeda resultante derivada taxas por ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e por utilización do ximnasio municipal será esixida pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Asinado dixitalmente  
En Malpica de Bergantiños  
**O alcalde**  
**Eduardo José Parga Veiga**